

Queridas familias, como sabedes no curso 2023-24 o alumnado que pasa para 5º de EP entrará no programa E-DIXGAL pero **non recibirán os equipos ata setembro**. Este programa garante a dixitalización das aulas e o acceso a material tecnolóxico. O obxectivo é levar a cabo unha nova maneira de ensinar que prepare ao noso alumnado para a sociedade dixital do futuro. O alumnado que pasa para 6º segue no programa e manterán os equipos no verán, recibirán indicacións de cando deben traelos por parte das súas respectivas persoas titoras no primeiro día de clase do curso 23-24

Recomendamos os seguintes enlaces para ter máis información:

- [Folleto informativo para familias](#).
- Vídeos E-Dixgal da Xunta de Galicia.
 - [Vídeo 1.](#)
 - [Vídeo 2.](#)
 - [Vídeo 3.](#)
- Precisas aínda máis información? [Segue esta ligazón](#).

Que vai acontecer nas primeiras semanas de setembro?

O alumnado de 5º de EP recibirá un acordo de cesión dun material que conterá:

- Portátil convertible.
- Lapis dixital.
- Cargador.
- Maletín de transporte.

Deberán retornar eses acordos asinados, de non facelo non se lle poderá facilitar o equipo.

Este equipo será responsabilidade das/dos nais/pais titoras/es legais do alumnado, non deixedes de revisar o [folleto informativo](#) onde atoparedes detalles sobre este apartado. Existe a posibilidade de contratar un **seguro NON obrigatorio pero si recomendable** para o equipo. Toda esa xestión é externa ao centro e realízase co servizo de mantemento PREMIUM do que atoparedes información máis abaixo neste documento.

Quen é o responsable do portátil?

A responsabilidade do correcto coidado e do uso do equipo recae nos/as pais/ nais/titores/as legais, respondendo da perda do ordenador, do seu mal uso ou dos danos producidos no equipo (que supoña o dano de calquera elemento do ordenador non contemplado na garantía).

Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria do equipo e que estean recollidas na súa garantía.

O centro proporcionarlle o formulario de asunción de responsabilidade que debe entregarse debidamente cumprimentado e asinado no centro educativo.

Rotura de calquera compoñente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores ...)	Roubo ou perda, tanto do portátil como do cargador de alimentación ou do lapis.
Rotura do cargador de alimentación	Rotura do lapis ou da punta deste
O seguro cubre	O seguro non cubre

SEGURO OPCIONAL PARA O PORTÁTIL

Se así o desexa, pode contratar un **seguro anual** (válido dende setembro de 2023 ata agosto de 2024), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O custe anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído), e a súa contratación pode realizarse a través do número de teléfono 881 505 136.

6

E-DIXGAL CURSO 2023-24

CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA

CONTACTO CO SERVIZO PREMIUM



TELÉFONO: 881 86 99 00



CORREO-E: soporte.premium@edu.xunta.es



TELEGRAM: [@serviciopremiumedixgal](https://t.me/@serviciopremiumedixgal)



WhatsApp: 604067856

Que é o Servizo Premium

Trátase dun servizo 24/7 ao que podes contactar para calquera dúbida sobre a plataforma ou sobre calquera incidencia técnica.

Como accederá o alumnado a E-DIXGAL

Poderá facelo dende o equipo E-Dixgal ou dende calquera outro equipo con acceso a internet e coas súas credenciais. Seránlle facilitadas dende o centro. O acceso pode ser ben con internet a través da plataforma [EVA](#) ou ben sen el a través da aplicación EVA Offline que atoparan no PC convertible. Na web do centro dispoñemos xa dun acceso directo a EVA online, aparece co nome de EDIXGAL na foto do lateral.



Máis sobre os equipos

O alumnado deberá levar e traer os equipos da casa ao centro a diario. **Será a súa responsabilidade traelo sempre cargado** para poder traballar con el.

No caso de alumnado que teña ordenador na casa e acceso a internet, pode deixar o ordenador no centro para evitar cargar con el todos os días. De todas formas, no primeiro mes de uso cómpre que o leve para que se afaga a traballar con ese equipo. Tras ese período, podería deixalo en aula, acceder dende a casa co seu PC á plataforma EVA coas súas credenciais, onde atopará o seu traballo no punto exacto no que o deixou na aula.

Tedes dúbidas?

Se tes preguntas non dubidades en contactar co centro educativo podes facelo a través do teléfono do centro educativo 881 866 918 e preguntar polo Coordinador TIC que tratará de resolvelas. Tamén podes enviar un correo electrónico a ceip.barrie.maza@edu.xunta.es coas vosas preguntas e un teléfono de contacto ao que chamaremos para darlle resposta.

Pedimos tamén paciencia, instaurar E-Dixgal é un proceso complexo que require formación tanto de alumnado como do profesorado polo que a entrega de equipos se pode demorar. Desculpade as molestias.